

INFORMACIÓN INSTITUCIONAL

a) Funcións: As federacións deportivas galegas son entidades privadas sen ánimo de lucro que, xunto as funcións que lle son propias polo seu ámbito de actuación privada, exercen por delegación funcións públicas delegadas (artigo 51.4 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia). As funcións ás que se deberá dar publicidade son as que se especifican no artigo 56 da Lei do deporte de Galicia, e recollidas tamén nos respectivos estatutos federativos.

LEI DO DEPORTE DE GALICIA

Lei 3/2012 do 2 de abril do Deporte de Galicia

Artigo 56 4. Son funcións públicas delegadas, e se exercerán en réxime de exclusividade polas federacións deportivas galegas, as seguintes:

- a) Representar á Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas da súa modalidade, de conformidade coa normativa que lle sexa de aplicación.
- b) Organizar as competicións oficiais autonómicas federadas.
- c) Expedir licenzas deportivas para a práctica da súa modalidade deportiva nos termos establecidos na presente lei.
- d) Asignar as subvencións e axudas de carácter público concedidas a través da federación e controlar que os seus asociados lles dean una correcta aplicación.
- e) Garantir o cumprimento das normas de réxime electoral nos procesos de elección dos seus órganos representativos e de goberno, así como os demais dereitos e obrigacións derivados do cumprimento dos seus respectivos estatutos.
- f) Exercer a potestade disciplinaria nos termos establecidos pola

presente lei e polos súas disposicións de desenvolvemento, da cordo cos seus respectivos estatutos e regulamentos.

g) Executar, no seu caso, as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva coas administracións públicas competentes na prevención, control e represión do uso de sustancias e grupos farmacolóxicos prohibidos, así coma na prevención da violencia no deporte.

h) Calquera outra que regulamentariamente se determine.

ESTATUTOS FEDERATIVOS

Artigo 4.- Son funcións propias da Federación Galega de Ximnasia as que seguen:

a.-A promoción e divulgación da ximnasia en tódalas súas facetas.

b.-Respaldo técnica e administrativamente a práctica da ximnasia velando ante os organismos competentes polo apoio a este deporte dentro de Galicia.

c.-A convocatoria das seleccións deportivas e a elección dos seus integrantes

d.-Colaborar coa Administración Autonómica na execución dos plans e programas dos deportistas de alto nivel.

e.-Colaborar coa Administración Autonómica na formación de técnicos e xuíces o seu perfeccionamento permanente.

f.-Colaborar e/ou organizar, de acordo a normativa que se aplique, competición nacionais/ internacionais que se realicen na Comunidade Autónoma Galega.

g.-Elaborar os seus propios Regulamentos e Estatutos

h.-Colaborar coas administracións públicas e coa federación española de ximnasia, así como, coas restantes entidades deportivas na promoción das súas respectivas modalidades

i.-Calquera outras que lle sexan atribuídas pola Lexislación vixente ou que acorde, no ámbito da súa, competencia a Asemblea Xera

NORMATIVA APLICABLE

1. Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, ou norma que a substitúa.
2. Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, ou norma que a substitúa.
3. Orde do 8 de setembro de 2010 pola que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, ou norma que a substitúa.
4. Resolución do 8 de setembro de 2009, da secretaría xeral para o Deporte, pola que se ditan as Normas de bo goberno das federacións deportivas de Galicia, ou norma que a substitúa.
5. Resto de normativa aplicable ás federacións deportivas que se aprobe, así como a propia de cada entidade:
 - Estatutos
 - Regulamentos
 - Normativas técnicas
 - Documentos
 - Circulares